

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, E A FUNDACION RONSEL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PILOTO DE MENTORING PARA PERSOAS AUTÓNOMAS

En Santiago de Compostela, a 20 de febreiro de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte, O Sr. D., Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no seu nome e representación, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, e intervindo no exercizo das facultades que lle confire o artigo 34 de la Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia e o Decreto 135/2017, do 20 de Decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Doutra parte, D., Presidente da Fundación Ronsel, con sede na rúa Hospital 21 baixo de A Coruña e CIF G15752660, actuando en virtude das competencias que para convenir lle confiren os estatutos da entidade recollidos en escritura publica outorgada o 18 de xullo do ano 2000, e a delegación expresa conferida por acordo do seu padroado de data 24/10/2019.

Recoñecéndose todas las partes con poder, competencia e lexitimación bastante para formalizar o presente Convenio de Colaboración,

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego, é o departamento da Xunta de Galicia que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de emprego, mediante a execución de programas de promoción do emprego e apoio aos emprendedores e a economía social. Entre as súas prioridades básicas, atopase o fomento de todas aquelas actuacións que permitan dinamizar e aproveitar as oportunidades de creación de emprego, apoiando, neste senso, todo tipo de actividades de formación de carácter especializado que posibiliten a creación e consolidación de empresas, como fórmulas de xeración de proxectos

emprendedores e innovadores.

II.- Que a Fundación Ronsel é unha Fundación de carácter privado que figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2000/19, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto, mencionado no artigo 6º dos seus estatutos, consiste no desenvolvemento e fomento económico galego e moi en particular a creación de emprego. Entre os seus programas específicos de actuación inclúese o asesoramento e axuda a aqueles proxectos emprendedores que teñan como finalidade a creación de empresas nas súas múltiples formas xurídicas e moi especialmente os baseados no auto emprego.

III.- Que as entidades consideran que unha das claves do éxito económico na sociedade do século XXI reside na innovación e o coñecemento, sendo o talento das persoas que viven nela o vehículo que as impulsa e lles da unha orientación práctica. Dado que o emprendemento é unha forma de explotar o talento, toda actuación que favoreza a posta en marcha e a consolidación de iniciativas empresariais terá un impacto moi positivo na competitividade da economía.

IV.- Que a Fundación Ronsel ven desenvolvendo unha metodoloxía de mentoring mediante o programa Youth Business Internacional, que permitiu axudar con éxito a máis de 20.000 emprendedores en 53 países dirixido a reducir o risco das persoas emprendedoras autónomas na súa actividade profesional e acompañarlles na consolidación dos seus negocios por medio dun mentor que potencie o desenvolvemento das competencias dos emprendedores orientando á consolidación e crecemento dos seus proxectos empresariais no territorio da comunidade autónoma de Galicia, polo que a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Ronsel están interesadas en establecer unha colaboración activa no marco deste Programa.

V. Que a Fundación Ronsel ven a desenvolver, dende o ano 2017, o proxecto “Galicia Camiño Emprendedor”, co obxectivo de apoiar o emprendemento en Galicia facendo unha analoxía entre o camiño dos peregrinos e o camiño dos emprendedores. Este proxecto inclúe, ademais de xornadas e obradoiros de formación, unha metodoloxía de mentoring desenvolta pola propia Fundación Ronsel que consiste en emparellar mentores/as e emprendedores/as para que fagan xuntos unha etapa do Camiño de Santiago facendo un traballo de avaliación de modelo de negocio.

Por todo isto e conscientes da necesidade de colaboración que permita a obtención dos obxectivos expostos e, sen prexuízo da existencia doutros convenios particulares sobre outras materias entre as institucións asinantes, ambas partes, de común acordo, declaran a súa vontade de subscribir o presente Convenio de Colaboración polo cal se establece un marco global de actuación para ambas institucións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA. - Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se regulará a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Ronsel respecto das actuacións que na materia do Proxecto Piloto de Mentoring se poñan en marcha no exercizo de 2020.

SEGUNDA. - Actuacións a realizar

Mediante o presente convenio de colaboración se pretende establecer o entorno de referencia que facilite a acción coordinada entre as partes, para desenvolver un traballo conxunto e harmonizado, coa finalidade de potenciar e rendibilizar os seus recursos, metodoloxías de traballo, técnicas e procesos dirixidos á orientación do emprendemento, que axude a consolidación das iniciativas empresariais. (recollese como anexo II deste convenio o programa de mentoring e a súa metodoloxía a realizar)

A este respecto se promove o programa Youth Business Spain, un programa pilotado en Galicia pola Fundación Ronsel, que basease nunha experiencia con máis de 1.200 empresarios/as, profesionais e directivos/as en España que xa están comprometidos como mentores/as para axudar a reducir riscos na actividade profesional e o acompañamento na consolidación dos negocios das persoas autónomas.

Mediante este programa, poñerase en marcha o “Proxecto Piloto Mentoring para Persoas Autónomas” co que preténdese facilitar un proceso de mentorización dirixido a 200 participantes, incluídos aqueles/as que participen na actividade de mentoring que consiste en facer etapas do camiño.

A Fundación Ronsel estará a cargo da transmisión de metodoloxía de traballo xeral, soporte na programación de actividades e soporte para o seguimento e monitorización de todas as actuacións levadas a cabo deste proxecto piloto de mentoring.

A Fundación Ronsel forma parte dun proxecto que conta cunha ampla rede de máis de 1.200 empresarios/as, profesionais e directivos/as comprometidos como mentores/as. Os mentores/as participantes acompañarán a un emprendedor/a ou equipo de emprendedores/as dun único negocio, cara a o desenvolver as competencias de ditos/as emprendedores/as, orientando á consolidación e crecemento dos seus negocios, mediante un enfoque estratéxico e transversal, non técnico nin sectorial, baseado no diferencial de experiencia entre os mentores/as e os emprendedores/as, apoiando na creación dun espazo de confianza e confidencialidade cun compromiso de duración

dun ano.

Estes mentores/as terán capacidade para relacionarse, comprender e empatizar cos seus emprendedores/as e a súas aspiracións; capacidade de escoita activa e de observación, capacidade para formular preguntas poderosas que confronten e promovan a reflexión, saber proporcionar feedback positivo e construtivo, saber formular retos segundo conveña e tendo en conta as posibilidades de promoción da persoa e do negocio, ter accesibilidade, ser confiable e capaz de cumprir cos compromisos acordados.

O proceso de mentorización comezará mediante a captación, identificación e selección de mentores/as e emprendedores/as. Neste proxecto piloto de mentorización se prevé unha participación de 200 persoas traballadoras autónomas radicadas na comunidade autónoma de Galicia.

Estableceranse obradoiros para os mentores/as e emprendedores/as, mediante sesións colectivas e presenciais de formación para garantir que os/as participantes coñezan o enfoque e a metodoloxía do programa así como os seus respectivos roles (entrega de manuais).

Estableceranse tamén matchings ou emparellamentos que consisten no proceso de asignación dun mentor a un beneficiario do programa que inclúe o análise dos perfís, a información previa ás partes, e unha reunión conxunta de presentación e sinatura do acordo de mentoring.

O proceso de seguimento farase mediante a monitorización das relacións mediante cuestionarios automatizados online e reunións conxuntas de ambas partes, mentor e mentorizado. E pechará coa avaliación final das relacións mediante unha xuntanza conxunta con ambas partes.

Esta actividade inclúe a metodoloxía do mentoring facendo etapas do Camiño de Santiago, no que cada etapa divídese en tres tramos. No primeiro realízase un traballo grupal de presentación persoal e de proxectos empresariais, suscitando obxectivos. No segundo créanse as parellas mentor/a-emprendedor/a que profundan na relación e no coñecemento do proxecto. E no terceiro, as persoas emprendedoras camiñan en solitario nun proceso de reflexión da información obtida na etapa e, o finalizar a mesma, elaboran un plan de acción co apoio da persoa mentora.

A Fundación Ronsel, unha vez finalizadas as actividades previstas, entregará á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha memoria xustificativa das actividades de mentorización desenvolvidas no marco deste Convenio.

A Fundación Ronsel e a Consellería de Economía, Emprego e Industria colaborarán no proceso de selección dos/as 200 participantes, preferentemente persoas traballadoras autónomas consolidadas, (que contén cunha alta de mais de 42 meses segundo o artigo 5 da Lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia) mediante a convocatoria voluntaria preferentemente a través da oficina virtual do emprego autónomo, sen descartar outros medios que

se consideren útiles e complementarios. En todo caso a secretaria xeral de Emprego reservase o dereito de decisión final, sobre a elección dos participantes no programa piloto de mentoring.

TERCEIRA. - Ambito de aplicación e vixencia do convenio

O presente Convenio terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020 e abranguerá todas as actuacións sinaladas na cláusula segunda do presente convenio desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA. - Aportación económica.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá ao desenvolvemento do Programa Piloto Mentoring Autónomos coa achega á Fundación Ronsel da cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (250.000€) que se imputarán á aplicación orzamentaria 09.40.322C 481.4 C.P. 2020 00010 segundo subvención nominativa do proxecto de orzamento para o ano 2020.

O presente convenio tramitase ao abeiro do disposto no art. 25 do Decreto 11 /2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000 , modificado por orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento que o convenio se perfeccione pola prestación do consentimento das partes.

QUINTA.- Documentación Xustificativa e forma de pagamento.

A Fundación Ronsel deberá presentar toda a documentación xustificativa das actuacións subvencionadas correspondentes coa data límite 15/11/2020.

A Fundación Ronsel xustificará a totalidade das contribucións efectuadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante certificación expedida polo órgano da Fundación que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto que inclúa unha relación detallada dos gastos realizados, con identificación do acredor/a e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, acompañada, en orixinal ou fotocopia compulsada, das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia

administrativa, así como dos documentos acreditativos dos gastos efectivamente pagados antes da finalización do período de xustificación.

A xustificación do pagamento dos gastos subvencionables deberá acreditarse mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, nos que deberá quedar claramente identificados o/a receptor/a e o emisor/a do pagamento. Non se admiten os pagos en efectivo.

Ao abeiro deste Convenio serán subvencionables os gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 15 de novembro de 2020 e que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas, entre eles:

Costes de persoal.

Actos institucionais e de representación. Comunicación.

Gastos de coordinación, xestión e estrutura necesarios para a execución das actividades.

Aqueles outros gastos correntes que orixine a realización das actividades previstas no convenio (formación, desprazamentos, mentorizacións, servizos profesionais, manutención, aloxamento, etc.)

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores á financiación estipulada, diminuírase do pagamento a parte non xustificada.

A Fundación Ronsel presentará no momento da xustificación dos gastos, unha declaración complementaria do conxunto de axudas, ingresos ou recursos percibidos para o Proxecto Piloto Mentoring para Persoas Autónomas, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como as certificacións administrativas de atoparse ao corrente dos deberes coa Administración Pública da Comunidade Autónoma e coa Administración do Estado e fronte á Seguridade Social nos termos do artigo 11 do Decreto 11/2009.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reservase o dereito de solicitar toda a información que considere precisa en relación á xustificación de gastos.

Así mesmo, a Fundación Ronsel, deberá achegar, xunto á xustificación de gastos, unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das accións desenvolvidas e dos resultados do proxecto piloto.

SEXTA.- Revogación e reintegro

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda que sexan imputables a Fundación Ronsel poderá dar lugar a súa modificación e, eventualmente, a súa revogación.

Tamén procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora nos casos previstos no artigo 33 de la Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Compatibilidade das axudas.

A subvención que se regula no presente convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o importe total das subvenciones concedidas supere o total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

OITAVA.- Requisitos e Obrigas.

A entidade beneficiaria deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A entidade asinante do presente Convenio, conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumen as seguintes obrigas:

- a. Levar a cabo as actuacións do Convenio.
- b. Xustificar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación que vai efectuar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control financeiro competentes, como é a Dirección xeral de Planificación e Fondos, da Consellería de Facenda, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicarlle á Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e. Acreditar que están ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e

fronte á Seguridade Social.

- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario/a en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g. Conservar os documentos xustificativos da subvención concedida, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h. Adoptar as medidas de divulgación e publicidade contidas na cláusula décima.
- i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA- Comisión de Seguimento.

Crearase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio para a avaliación e coordinación, así como para incorporar modificacións e/ou posibles correccións necesarias para unha axeitada xestión das actuacións previstas.

Formarán parte desta comisión, en representación da Fundación Ronsel, ..., Director da mesma, e D. ..., Subdirector Xeral de Emprego en representación da Consellería.

En ningún caso a creación do dito equipo deberá interpretarse como unha creación de vínculo laboral ou empresarial algún entre as Partes. As Partes de común acordo no seu caso, establecerán as condicións da colaboración doutras entidades nas iniciativas que conxuntamente desenvolverán.

DÉCIMA- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A entidade asinante consente en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DECIMO PRIMEIRA .- Divulgación e publicidade

No marco das obrigas de divulgación, información e publicidade, a entidade beneficiaria comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración debendo constar expresamente “ coa colaboración da Xunta de Galicia” e co anagrama da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/a-marca>) no desenvolvemento das actividades conveniadas así como nas xornadas, estudos, informes e no material de difusión empregado.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e demais normativa vixente en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA.- Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria terá libre acceso aos datos, resultados e conclusións que se deriven das accións previstas, e poderá utilizalos no exercizo das súas propias funcións e competencias.

DÉCIMO CUARTA.- Extinción do convenio.

Este convenio extinguirase por terminación do prazo de duración, por incumprimento dalgún dos seus asinantes das estipulacións, requisitos e obrigas contidas nel ou por mutuo acordo das partes.

DÉCIMO QUINTA.- Normativa aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra normativa que resulte aplicable, seranlle de aplicación ao

presente convenio:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público no seu capítulo VI.

DÉCIMO SEXTA.-Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza xurídico - administrativa.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes asinantes deste convenio sobre a súa interpretación, execución ou resolución serán resoltas, en primeiro termo, no seo da Comisión de Seguimento a que se refire a cláusula novena.

Se non hai acordo, decidirá a persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os seus acordos poñen fin á vía administrativa e someteranse á Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento, rubricando cada unha das páxinas de que consta.

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

O Presidente da Fundación Ronsel

ANEXO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Fundación Ronsel é unha entidade de carácter privado, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto, mencionado no artigo 6º dos seus estatutos, consiste no desenvolvemento e fomento económico galego e moi en particular a creación de emprego. Entre os seus programas específicos de actuación inclúese o asesoramento e axuda a aqueles proxectos emprendedores que teñan como finalidade a creación de empresas nas súas múltiples formas xurídicas e moi especialmente os baseados no auto emprego.

O Proxecto Piloto de Mentoring para Persoas Autónomas, promovido pola Fundación Ronsel utilizando a metodoloxía do programa Youth Business Spain, utiliza un programa tipo CRM que lle permitirá automatizar os procesos de comunicación, almacenamento da información e recordatorios das xuntanzas programadas.

Esta metodoloxía ten permitido formar a máis de 20.000 persoas en 53 países e 1.200 persoas entre empresarios/as, profesionais e directivos/as xa están comprometidos como mentores/as.

As actividades formativas de carácter especializado que se realizan posibilitan a consolidación dos proxectos empresariais dos/as participantes e iso supón que esta actuación que favoreza a consolidación de iniciativas empresariais terá un impacto moi positivo na competitividade da economía, de forma particular nos dous primeiros anos de actividade.

Galicia Camiño emprendedor basease nunha actividade de autoría da Fundación Ronsel, na que participaron 800 persoas que recibiron información, formación, asesoramento ou mentoring. Este último, que aplicárase neste proxecto piloto, ten unha metodoloxía propia na que, facendo unha etapa do Camiño de Santiago, os participantes elaboran un plan de acción de mellora a curto prazo aplicable os seus negocios. Ademais, promove un hábito laboral saudable como é o exercicio físico no entorno de traballo, apoia o coñecemento do rural galego, utiliza o respecto polo medio ambiente para facer un traballo sen barreiras e promociona o Camiño de Santiago como porta da retención e captación de talento emprendedor para Galicia.

En outro orde de cousas, debese facer fincapé en que a sinatura deste Convenio polas Partes non supón un contrato de servizos, estamos ante un Convenio de Colaboración regulado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No articulado desta norma recollese o réxime xurídico aplicable aos Convenios, definidos como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, Entidades de Dereito Público e Universidades Públicas que os celebren entre si o con suxeitos de Dereito privado, como é o caso, para un fin común.

Por último, certifícase que, coa introdución deste anexo, o presente Convenio cumpre a normativa prevista na Lei 40/2015.

ANEXO II. PROGRAMA DE MENTORING

METODOLOXÍA DE MENTORING

SELECCIÓN DE MENTORES E MENTORAS

Homes e mulleres con experiencia demostrada na posta en marcha de empresas, xerencia de negocios, a dirección de equipos de traballo e en diferentes campos profesionais.

Na entrevista persoal, ademáis da análise do seu currículum:

1. Valorarase a experiencia como mentores nos últimos 5 anos na CA de Galicia.
2. De forma prioritaria, se incorporarán ao programa profesionais en exercizo.

OBXECTIVO XERAL

Reducir os riscos das personas autónomas na súa actividade profesional e acompañarlles na consolidación dos seus negocios.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Manexo de plans de obxectivos a curto, medio e longo prazo

Introducción de rutinas de control e seguimento do cumprimento deses obxectivos

Asumir a función xerencial fronte ao rol único de traballador/a

Incrementara súa rede de contactos profesionais

Ter a viabilidade do negocio a curto e medio prazo como comportamento de xestión

Reducir o risco de devolución da axuda recibida

PLAN DE ACCIÓN

- Creación da rede de mentores e mentoras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Formación dos mentores e mentoras: cada mentor recibe unha formación de 5 horas para manexar as ferramentas esenciais do mentoring experiencial, que se centran ena persoa e o seu proceso de toma de decisións.
- Captación das persoas autónomas beneficiarias do programa.
- Formación das personas autónomas beneficiarias: cada persoa recibirá unha formación de 4 horas para coñecer o proceso do Mentoring e os seus protocolos de actuación

- Proceso de matching: os expertos da Fundación Ronsel, con experiencia demostrable de 5 anos na selección de emparllamentos mentor/a con emprendedor/a, realizarán os matchings ou emparllamentos do programa.

- Planificación tipo:

o Reunión inicial: cada parella terá unha primeria reunión na que se coñecerán y trala cal ambos, se se produce o matching, asinarán un contrato de compromiso de adicación ao proceso de Mentoring.

o Cada parella terá un mínimo dunha reunión mensual, durante un período máximo dun ano, cunha duración estimada de 2 horas.

o As reunións serán fundamentalmente presenciais, podendo realizar algunha delas de maneira virtual en función das necesidades e axendas

o Seguimento e control: os mentoring mánager da Fundación Ronsel realizarán un seguimento persoal e online de cada relación de Mentoring

o Cada mentor/a realizará un informe de cada unha das reunións realizadas, indicando os obxectivos plantexados, acadados ou errados e unha valoración da situación actual

o A Fundación Ronsel utilizará a ferramenta informática que lle permitirá automatizar os procesos de comunicación, almacenamento da información e recordatorias das reunións programadas.

o Reunión de peche: ao finalizar a relación, producirase unha reunión na que se formalizará o peche da relación e a análise dos obxectivos acadados, podéndose estimar a conveniencia de prorrogar a relación de Mentoring durante un novo período.